

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS

- Día: Xoves 27 de outubro de 2022
- Lugar: Sala X3.2 (ETSE) + MS Teams
- Hora de inicio: 11:00 h
- Asistentes: Adrián Carpenle Viqueira, Cristina Díaz Jullien, Julia González Álvarez, Miguel Mauricio Iglesias, Trinidad de Miguel Bouzas, Ramón F. Moreira Martínez, Anuska Mosquera Corral, Héctor Rodríguez Martínez, Ana M. Soto Campos.
- Escusan a ausencia: María del Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez, M. Dámaso Rodríguez Fernández.

Orde do día:

1. Axuda 2022 da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, de apoio ó MEQB.

1. Axuda 2022 da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, de apoio ó MEQB.

A directora da ETSE recibiu o 25 de outubro unha mensaxe da Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, indicando que o MEQB é beneficiario dunha axuda de 5600 euros dentro da liña de axudas de apoio a mestrados oficiais da USC. Estas axudas están destinadas a sufragar gastos derivados de actuacións relativas a aspectos como os seguintes (citando textualmente da mensaxe da Vicerreitoría):

- Accións para o incremento das taxas de ocupación do mestrado
- Posta en marcha de programas de titorización e mentorización ou de seguimento das persoas egresadas
- Fomento do emprego de enfoques e metodoloxías docentes innovadoras
- Potenciación das competencias para a empregabilidade
- Etc.

Pedíuselle á ETSE que envíe á Vicerreitoría, coa maior brevidade posible, os datos da partida orzamentaria do centro na que ingresar a axuda. Agora ben, estas partidas dependerán de cal sexa o aspecto en si ó que se dirixan as actuacións acordadas. Un elemento importante a ter en conta nesta selección das actuacións é que "os gastos terán que estar executados e xustificados antes do día 25/11/2022".

Tendo en conta o anterior, xérase un debate entre os membros da Comisión, aportando unha serie de propostas interesantes: microscopios para o reforzo das prácticas de Biocatálise, cursos de formación para o profesorado (mentorización, técnicas docentes innovadoras, etc.), un estudo da situación dos egresados do MEQB por unha empresa especializada neste tipo de estudos, material impreso de grande formato para mellorar a visibilización e difusión do MEQB e do foro de empresas de enxeñaría química a celebrar anualmente na ETSE, etc. Con esta escolma preliminar de potenciais accións nas que investir a axuda, os diferentes membros propoñentes han pedir os respectivos orzamentos ás empresas facilitadoras o antes posible, para avaliar a súa viabilidade e buscar un encaixe optimizado delas no marco da cuantía asignada.

Sendo as 12:00 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 27 de outubro de 2022.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB